

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DE FACULTADE DO 19
DE MAIO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Espino Alvarado, Héctor
Juana López, Jesús de
Lozano González, Carlos
Pérez Losada, Fermín
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Taboada Rodríguez, Sofía
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Cid Narváez, Daniel
López Díaz, María
Real López, Arturo
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 19 de maio de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 18 de maio de 2017

- Aprobación, se procede, da Memoria de modificación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

1. Aprobación, se procede, da Memoria de modificación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cédelle a palabra ao profesor Fermín Pérez, coordinador do mestrado. Fermín lembra que a reforma do mestrado débese á renuncia da Escola de Restauración a participar nel. Como consecuencia houbo que eliminar un bloque optativo e ofertar só un bloque e as materias deste bloque que impartían docentes da Escola de Restauración as asumiron docentes da facultade. De non terse feito isto o mestrado caería. Como na modificación que se plantexa non houbo cambio de nome do título, nin modificación dos créditos a cursar e as facultades participantes son as mesmas, considérase unha reforma menor e non ten que pasar verificación.

A diferenza principal respecto ao mestrado anterior é que, fronte aos tres módulos pechados existentes, haberá un único módulo onde se ofertan 10 materias optativas para superar 5. Desas 10 materias 6 xa se ofertaban e 4 son novas, unha de Turismo, co cal se incorpora a Fac. de CC.EE. e Turismo ao mestrado, unha de Didáctica do Patrimonio que a asume a Facultade e dúas técnicas que imparte a E.S.E. de Minas. Así o mestrado se estrutura en dous módulos, o módulo 1 pasa a ter 5 materias (cae unha respecto ao anterior) e o módulo 2 pasa de ter 4 a ter 5 materias.


Respecto das competencias, se mantiveron todas as xerais e se actualizaron algunhas específicas.

Agárdase que se implante para o curso 2018/19.

Apróbase a Memoria de modificación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.20 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez